

BEB

EXPEDIENTE	2024047508
CONVOCATORIA	CONCURSO DE DISEÑO DO CARTEL QUE SERÁ A IMAXE DO I ENCONTRO LITERARIO E ARTÍSTICO "PONTEVEDRA LITERARIA. XUVENTUDE E ARTES"
ASUNTO	ACTA DE CONSTITUCIÓN DO XURADO E PROPOSTA DE DISEÑO GAÑADOR

- **ANTECEDENTES**

1.- O pasado venres 26 de xullo de 2024, publicouse no BOPPO NÚMERO 145, as bases reguladoras da convocatoria para participar no concurso de deseño do cartel que será a imaxe do I Encontro literario "Pontevedra literaria. Xuventude e Artes" organizado pola Deputación de Pontevedra a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

A convocatoria vai dirixida a mozas e mozos de idades comprendidas entre os 16 e os 36 anos que estean empadronados na provincia de Pontevedra e que reúnan as condicións exixidas na convocatoria no prazo de presentación de solicitudes.

2º. Por Resolución do deputado delegado de Reto Demográfico, Xuventude e Desenvolvemento Rural e Cultura, de data 22 de agosto de 2024, número 2024006828, noméanse aos membros que integran o Xurado formado polas seguintes empregadas públicas:

- Presidenta: Rebeca Domínguez Pérez, xefa do Servizo de Comunicación Institucional ou persoa en quen delegue.

- Secretaria: Begoña Estévez Bernárdez, xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico ou persoa en quen delegue.

- Vogal: Anabel Domínguez de Lima, técnica de deseño e imaxe do Servizo de Comunicación Institucional.

O xurado axustará a súa actuación ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) e as súas decisións son inapelables.



3º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez comprobado que as persoas participantes reúnen as condicións establecidas nas bases reguladoras desta convocatoria procédese á súa constitución e valoración dos deseños presentados que son un total de 9.

• CONSTITUCIÓN

As 12:00 horas do martes 3 de setembro de 2024, no despacho da xefa do Servizo de Comunicación Institucional, constituíuse o xurado e procédese valoración das 9 propostas de deseño recibidas.

Tendo en conta o contido deste primeiro encontro provincial PONTEVEDRA LITERARIA: Xuventude e Artes, que engloba como tema principal a literatura pero que inclúe tamén unha exposición fotográfica e unha exposición de pintura de mozas e mozos de toda a provincia, o xurado propón por unanimidade que a proposta que recolle mellor o contido deste evento e da súa programación, sexa a presentada por **DENIS CARBALLAS RIVEIRO** (Expte 2024054560), valorando tamén a súa composición con elementos identificativos das artes e símbolos non só da cidade onde se celebra senón tamén da provincia.

E non habendo máis asuntos a tratar, remata a xuntanza ás 12:45 horas do día tres de setembro de 2024, do que como secretaria dou fe.

Asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

